

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro                  | Concello               | Ano académico |
|----------|-------------------------|------------------------|---------------|
| 15015767 | Politécnico de Santiago | Santiago de Compostela | 2024/2025     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional      | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo     | Grao                            | Réxime                 |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------|---------------------------------|------------------------|
| MAM                           | Madeira, moble e cortiza | CMMAM01                   | Carpintaría e moble | Ciclos formativos de grao medio | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                           | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0546       | Montaxe de carpintaría e moble | 2024/2025 | 4                | 87           | 87             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                         |
|--------------------------------|-------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | JOSÉ MANUEL SANDIÁS REY |
| Outro profesorado              |                         |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

### 1. Marco normativo

Esta programación didáctica ten como obxectivo a planificación do módulo MP0084 Comercialización e loxística na industria alimentaria, do segundo curso do ciclo formativo superior Procesos e Calidade na Industria Alimentaria. Malia que se está a implantar o novo sistema da Formación Profesional, segundo a Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, e normativa que a desenvolve, non é de aplicación a este módulo por tratarse do segundo curso do ciclo, que comezou co sistema anterior.

Polo tanto, esta programación desenvólvese seguindo as prescricións do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, e a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. Ámbalas dúas desenvólvense no marco do Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

No mesmo sentido, aplícanse as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25 ditadas pola resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Ademais, en relación á atención á diversidade, aplícase o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

Doutra banda, para fixar e axustar o número de sesións, aplícase a Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto, en relación ao módulo MP0546 Montaxe de carpintaría e moble, tómase como referencia o currículo do ciclo en cuestión, establecido polo Decreto 182/2011, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en carpintaría e moble.

### 2. Características do contorno produtivo do centro

A competencia xeral deste título consiste en fabricar elementos de carpintaría e mobles, realizando os procesos de mecanizado, montaxe, acabado, almacenamento e expedición de produtos, cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

Este profesional exerce a súa actividade nas industrias empresas de pequeno mediano tamaño dedicadas á fabricación e a montaxe de moblaxe e elementos de carpintaría, e na aplicación de produtos de acabado na contorna de Santiago de Compostela e concellos limítrofes.

Desempeñará ocupacións como:

Operador/ora de máquinas fixas para fabricar produtos de madeira; operador/ora de prensas; operador/ora armador/ora en banco; montador/ora ensamblador/ora de elementos de carpintaría; vernizador/ora lacador/ora; responsable de sección de acabamentos

Este título permite o acceso directo a calquera ciclo formativo de grao medio ou superior. Tamén é posible obter o título de bacharelato matriculándose e superando unicamente as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida, e a materia de Lingua Galega e Literatura.

Finalmente, as persoas con discapacidade e/ou necesidades educativas especiais reciben a atención personalizada necesaria para superar con éxito os estudos do ciclo e, por tanto, acceder ao mercado laboral en condicións de igualdade, na medida do posible.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D. | Título  | Descrición  | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---|---|--------------------|----------|
| 1    | Prevenición e riscos laborables e de protección ambiental na montaxe de carpintería e moble.  | Exposición da normativa en prevención de riscos laborais aplicada á montaxe de elementos de carpintería e moble.  | 10                 | 10       |
| 2    | Sistemas e documentación técnica na montaxe de mobles e elementos de carpintería  | A organización na montaxe de carpintería e mobles   | 10                 | 15       |
| 3    | Preparación e selección de maquinaria e elementos na montaxe de mobles  | Funcións das máquinas e útiles na montaxe de carpintería e moble  | 15                 | 25       |
| 4    | Mecanizado de pezas e conxuntos. Comprobación de parámetros de calidade. Eficiencia na elección dos recursos dispoñibles.                       | Operacións características do mecanizado de pezas e conxuntos. Comprobación de parámetros de calidade. Eficiencia na elección dos recursos dispoñibles, | 27                 | 35       |
| 5    | Montaxe de mobles por medio de ferraxes, elementos de unión e de apertura. Comprobación dos parámetros de calidade. Fichas técnicas do produto. | Montaxe de ferraxes e complementos nos mobles: bisagras, pivotes, cerraduras, e demais elementos complementarios.                                       | 25                 | 15       |

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 1   | Prevenición e riscos laborables e de protección ambiental na montaxe de carpintería e moble. | 10       |

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr. | SI       |

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA5.1 Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.  |
| CA5.2 Identifícaronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e utensilios.   |
| CA5.3 Descríbense os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que cumpra empregar nas operacións de mecanizado. |
| CA5.4 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.  |
| CA5.5 Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que haxa que adoptar na preparación e na execución das operacións de mecanizado.  |
| CA5.6 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiros factores de prevención de riscos.   |
| CA5.7 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.   |
| CA5.8 Identifícaronse as posibles fontes de contaminación ambiental.  |
| CA5.9 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.  |
| CA5.10 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.   |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Prevención de riscos laborais nas operacións de montaxe.   |
| Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas de montaxe.   |
| Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. |
| Cumprimento da normativa de protección ambiental.          |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 2   | Sistemas e documentación técnica na montaxe de mobles e elementos de carpintaría | 10       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Organiza a montaxe de mobles e carpintaría, tendo en conta a relación entre a secuencia de operacións establecida e as materias primas seleccionadas. | SI       |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Organizouse o posto traballo con criterios de eficiencia produtiva, ergonomía e seguridade.   |
| CA1.2 Relacionouse a documentación de recepción de material coas instrucións de montaxe.  |
| CA1.3 Determináronse os lugares de almacenamento previos á montaxe.   |
| CA1.4 Identificáronse as formas de montaxe mediante as ferraxes e os elementos de unión.  |
| CA1.5 Identificáronse a forma, as características, as dimensións e as posicións.  |
| CA1.6 Colocáronse as pezas no seu lugar de almacenamento ata a súa intervención na montaxe, dispoñendo as caras, os sentidos das veas e a dirección de textura. |
| CA1.7 Realizouse o abastecemento de ferraxes seguindo as instrucións de montaxe establecidas no proxecto.   |
| CA1.8 Caracterizáronse os tratamentos de manipulación das ferraxes e os complementos de mobles.   |
| CA1.9 Seleccionáronse as pezas necesarias para cada fase da montaxe e rexeitáronse as pezas que non cumpran os requisitos mínimos de calidade esixidos.         |
| CA1.10 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.   |
| CA1.11 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.           |

**4.2.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| <p>Procesos de montaxe: fases e protocolos.</p> <p>Identificación de compoñentes para a montaxe.</p> <p>Interpretación de documentación técnica para a montaxe.</p> <p>Comprobacións previas á montaxe.</p> <p>Códigos de identificación de pezas.</p> |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 3   | Preparación e selección de maquinaria e elementos na montaxe de mobles | 15       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Prepara e selecciona maquinaria, produtos, utensilios e accesorios para a montaxe de elementos de carpintería e moble, para o que determina os recursos, e comproba o seu funcionamento ou a súa aplicación, en condicións de seguridade. | SI       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.1 Seleccionouse a maquinaria para cada fase da montaxe.   |
| CA2.2 Caracterizáronse as secuencias do proceso en relación coas máquinas portátiles, as ferramentas e os utensilios empregados.                |
| CA2.3 Diferenciáronse as características e as funcións das máquinas portátiles, e especificouse para que tipo de traballo é adecuada cada unha. |
| CA2.4 Analizáronse os riscos derivados do traballo con este tipo de maquinaria.   |
| CA2.5 Establecéronse os parámetros de cada máquina que interveña.   |

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.6 Determinouse a maquinaria portátil necesaria en función do proxecto.  |
| CA2.7 Revisouse a disposición das ferramentas e as máquinas portátiles, de maneira que estean listas para o seu uso.  |
| CA2.8 Controláronse os aspectos ergonómicos e posturais para evitar posibles lesións e fatiga no posto de traballo.   |
| CA2.9 Especificáronse os parámetros relevantes e as variables de axuste das ensamblaxes sen cola.   |
| CA2.10 Realizouse o abastecemento de patróns específicos, para facilitar a inserción de ferraxes ou sistemas de unión.  |
| CA2.11 Seleccionouse o tipo de adhesivo adecuado para cada traballo, atendendo ás súas características e propiedades (composición, tempo aberto, comportamento baixo certas condicións físicas de humidade, temperatura, etc.). |
| CA2.12 Preparouse a encoladora establecendo parámetros (temperatura e viscosidade do adhesivo, etc.).   |
| CA2.13 Realizouse unha peza de control, mecanizando completamente o sistema de unión e as ferraxes.   |
| CA2.14 Determináronse os equipamentos de protección individual necesarios.  |
| CA2.15 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.   |
| CA2.16 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.   |

#### 4.3.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Ferramentas electroportátiles: tipos; accesorios e o seu mantemento.  |
| Sistemas de elementos de unión.                                       |
| Sistemas de encolamento.  |
| Adhesivos empregados en carpintaría e moble: tipos e características. |
| Sistemas de prensaxe.   |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD  | Duración |
|-----|---|----------|
| 4   | Mecanizado de pezas e conxuntos. Comprobación de parámetros de calidade. Eficiencia na elección dos recursos dispoñibles, | 27       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Compón conxuntos de carpintaría e moble, para o que interpreta as especificacións técnicas do produto, aplicando procedementos de montaxe racionais e eficientes. | SI       |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA3.1 Identifícase a posición de cada peza mediante códigos ou símbolos (numéricos, alfabéticos, alfanuméricos, etc.).   |
| CA3.2 Establecéronse as fases de montaxe considerando o tipo de montaxe (caixóns, portas e armazóns, etc.) e os medios dispoñibles.  |
| CA3.3 Realízase o mecanizado dos elementos de unión mediante a maquinaria prevista.  |
| CA3.4 Realízase unha premontaxe de subconxuntos utilizando ferramentas, medios e equipamentos adecuados.   |
| CA3.5 Controláronse os parámetros técnicos de comprobación básicos (empenamento, escuadro, diagonais, etc.).   |
| CA3.6 Comprobáronse as dimensións e as tolerancias das pezas e das unións (ensamblaxes e empalmes), a partir de planos de montaxe.   |
| CA3.7 Colouse e inseriuse o elemento de unión nas pezas que o requiran de xeito manual e mediante maquinaria automática.   |
| CA3.8 Efectuouse a prensaxe das pezas establecendo os parámetros (posición, presión, temperatura, tempo, proteccións, etc.).   |
| CA3.9 Aplicouse o adhesivo con pulcritude para que non afecte a calidade e o valor estético do conxunto cando se apliquen os produtos de acabado (tinguidura, verniz, etc.). |
| CA3.10 Especificáronse os parámetros relevantes e as variables que se deben considerar na masillaxe e na lixadura de subconxuntos.   |
| CA3.11 Seleccionáronse os abrasivos en función do material que cumpra ligar e da finura requirida na seguinte fase.  |

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.12 Masilláronse e lixáronse os subconxuntos, empregando os materiais e a maquinaria adecuados.  |
| CA3.13 Realizouse a premontaxe de subconxuntos respectando as medidas de seguridade.  |
| CA3.14 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.   |
| CA3.15 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras. |

#### 4.4.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| <p>Patróns: tipos.</p> <p>Mecanizado, montaxe e axuste.</p> <p>Elementos de carpintaría.</p> <p>Prensaxe: fases e medios.</p> <p>Normas de seguridade. Métodos e medios de protección individual.</p> |

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD  | Duración |
|-----|---|----------|
| 5   | Montaxe de mobles por medio de ferraxes, elementos de unión e de apertura. Comprobación dos parámetros de calidade. Fichas técnicas do produto. | 25       |

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Monta ferraxes e accesorios, para o que interpreta instrucións técnicas, e realiza operacións de verificación do funcionamento. | SI       |

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA4.1 Identifícaronse os tipos de ferraxes que existen no mercado actual, en relación coa súa función en elementos e conxuntos de carpintaría e moble. |
| CA4.2 Seleccionáronse as ferraxes en función do tipo de moble ou de accionamento establecidos no proxecto.   |
| CA4.3 Confeccionouse o plan de montaxe do conxunto e dos seus compoñentes.   |
| CA4.4 Mecanizáronse os compoñentes empregando patróns específicos para a montaxe de ferraxes.  |
| CA4.5 Aplicáronse técnicas actualizadas de montaxe de ferraxes e accesorios.   |
| CA4.6 Comprobáronse os parámetros establecidos.  |
| CA4.7 Reaxustáronse as folguras.   |
| CA4.8 Rexeitáronse os compoñentes que non superan o control de calidade establecido.   |
| CA4.9 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.   |
| CA4.10 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.  |

**4.5.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Ferraxes para estruturas de moblaxe.             |
| Técnicas de unión.                               |
| Sistemas de accionamento.                        |
| Sistemas de condena.                             |
| Instrucións técnicas para a montaxe de ferraxes. |

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES:

Organizar a montaxe de mobles e carpintería, tendo en conta a relación entre a secuencia de operacións establecida e as materias primas seleccionadas.

Seleccionar as pezas necesarias para cada fase da montaxe

Demostrar predisposición cara á aprendizaxe.

Adoptar un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo ,e cara aos compañeiros e as compañeiras.

Preparar e seleccionar a maquinaria, produtos, utensilios e accesorios para a montaxe de elementos de carpintería e moble,

Analizar os riscos derivados do traballo con este tipo de maquinaria.

Determinar a maquinaria portátil necesaria en función do proxecto.

Realizar pezas de control mecanizando completamente o sistema de unión e as ferraxes.

Compor conxuntos de carpintería e moble interpretando as especificacións técnicas do produto, aplicando procedementos de montaxe racionais e eficientes.

Establecer as fases de montaxe considerando o tipo de montaxe (caixóns, portas e armazóns, etc.) e os medios dispoñibles.

Realizar o mecanizado dos elementos de unión mediante a maquinaria prevista.

Comprobar as dimensións e as tolerancias das pezas e das unións (ensamblaxes e empalmes), a partir de planos de montaxe.

Realizar a premontaxe de subconxuntos respectando as medidas de seguridade

Montar ferraxes e accesorios, interpretando instrucións técnicas,e realizando as operacións de verificación do seu funcionamento.

Mecanizar compoñentes empregando patróns respectando e aplicando as medidas de protección e seguridade necesarias para evitar os riscos asociados á actividade.

Cumprir as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental asociados ás actividades de montaxe de carpintería e moble e identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.

Identificar as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e utensilios.

Empregar os equipamentos de protección individual necesarios e obrigatorios en cada unha das actividades de montaxe de carpintería e moble.

### CCRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- PROBA ESCRITA 40%. (4 puntos sobre 10)

Realizarase unha ou varias probas escritas por trimestre.

Na documentación entregada ao alumnado o día da proba, figurará a puntuación de cada apartado/punto/pregunta. No caso de haber varias probas deste tipo farase unha media ponderada das mesmas en relación ao peso das mesmas con respecto ao total das probas realizadas.

- PARTE PRÁCTICA 60%. (6 puntos sobre 10).

Realizase unha ou varias probas prácticas por trimestre. Unha delas será a fabricación dun moble compendio dos criterios de avaliación do módulo.

Os criterios de cualificación específicos de cada unha serán entregados por escrito ao alumno/a no momento de realizar a mesma.

No caso do moble será documentación escrita audiovisual e gráfica en forma de planos do moble no que aparecerán as medidas e demais características do mesmo.

En caso de ser varias, farase unha ponderación segundo o peso porcentual asignado a cada unha delas.

Será necesario acadar polo menos unha avaliación positiva nun 50% da suma de tódolos criterios de avaliación desa tarefa/exercicio/traballo para superalo.

En caso de haber varias tarefas/exercicios/traballo deste tipo, farase unha media ponderada dos mesmos en relación ao peso con respecto o total das probas realizadas.

Nas probas nas que haxa que empregar máquinas o/ alumno/a deberá apagar a máquina cando o/a profesor/a llelo indique, se considera que pon en risco a integridade/seguridade propia ou de terceiros.

Realizaranse tres avaliacións e a nota de cada trimestre será a porcentaxe da parte teórica e a práctica antes indicada.

Para aprobar o módulo o/a alumno/a terá que superar as tres avaliacións cunha nota igual ou superior a 5 (suma da parte teórica e práctica).

No caso de non superar unha avaliación, o/a alumno/a terá dereito a realizar novamente as tarefas/actividades non superadas en tempo e forma especificados antes da correspondente avaliación extraordinaria que se celebrará en xuño.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Os/as alumnos/as que non acaden a nota mínima de 5 puntos deberán realizar a recuperación antes da segunda avaliación, para ter opción a acceder ao módulo FCT, ou, se o prefiren, no período de recuperación en xuño.

Será unha proba final teórica e/ou práctica á/ás que cada alumno/a irá coa parte da materia que teña suspensa, entendéndose que aqueles alumnos/as que teñan superado todos os parciais non precisarán presentarse a este exame.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Será unha proba final teórica e outra práctica na que entrarán todos os contidos e actividades vistos/realizadas durante o curso. Realizarase antes da segunda avaliación ou no período extraordinario de xuño, antes da avaliación final, a criterio do alumnado.

Os criterios de cualificación serán os definidos no punto 5 para a cualificación de calquera dos trimestres.

### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase o pertinente seguimento da programación periódico na Web da consellería.

No transcurso do curso poden producirse circunstancias que fagan variar a cronoloxía das actividades, polo que a orde das actividades e unidades didácticas incluída nesta programación pode ser variada no momento de realización se perxuízo dos contidos e tempo necesario para cada un deles.

Analizaranse os incidentes, diversidade ou contrastes posibles.

A autoavaliación docente farase comprobando periodicamente a consecución ou non das tarefas programadas.

### 8. Medidas de atención á diversidade

#### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial sobre:

Coñecemento do sistema métrico e equivalencias. ·

Coñecemento e resolución de superficies das distintas formas xeométricas. ·

Resolución de volumes. ·

Operacións matemáticas básicas, con porcentaxes, intereses, regras de tres e ecuacións sinxelas. ·

Coñecementos de ángulos e polígonos. ·

Nivel en vistas, croquis, acotacións e planos.

Recabarase información do departamento de orientación de calquera outros aspectos a ter en conta para o proceso de ensinanza-aprendizaxe:

Capacidade visual/auditiva. ·

Habilidade manual. ·

Comprensión lectora/oral.

Grao de madurez e responsabilidade para o manexo de máquinas e elementos perigosos.

Problemas médicos, familiares, psicolóxicos, etc.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

·Distintas combinacións de agrupamentos de alumnos, a saber, homoxéneos onde alumnos/as con dificultades parecidas reciben clases de apoio, ou heteroxéneos onde alumnos/as con dificultades reciben apoio de alumnos/as máis capaces, integrándose en grupos de traballo con positivos efectos motivadores.

Ensinanza individualizada en función das características dos alumnos, aplicando polo tanto, unha ensinanza programada en concreto para cada alumno/a con dificultades.

Se coas medidas ordinarias citadas non é posible que o alumno/a con problemas de aprendizaxe alcance os obxectivos mínimos propostos, será necesario tomar, previa avaliación psicopedagóxica realizada polo equipo do departamento de orientación, medidas de carácter extraordinario en función dos problemas concretos detectados.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

En cada unha das unidades didácticas esta sempre presente a educación en valores, incluíndoos nas clases con exemplos e explicacións. ·

EDUCACIÓN PARA A PAZ: Educar nos valores de: xustiza, solidariedade e rechazo da violencia. solución dialogada dos conflitos no ámbito escolar. sentido de tolerancia para outras culturas. ·

EDUCACIÓN MORAL E CIVICA: Actuar con comportamentos responsables, de acordo cos valores cos que nos identificamos. Respetar e construír normas xustas de convivencia. ·

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS: Incorpora-los alumnos e alumnas á sociedade en plano de igualdade. ·

EDUCACIÓN AMBIENTAL: Valores, aptitudes e hábitos de respecto e protección do medio ambiente. Valora-la influencia do medio na saúde. Proporcionar coñecementos para protexe-lo medio ambiente. ·

SAÚDE E CALIDADE DE VIDA: Busca-lo benestar físico, mental, individual e social, desenrolando hábitos de saúde. ·

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: Consumidor responsable e crítico ante o consumismo e a publicidade. Coñecemento dos mecanismos do mercado e dos dereitos do consumidor. ·

EDUCACIÓN PARA O LECER: Desenvolver hábitos culturais, deportivos, científicos ou técnicos, e sensibilidade polo-la natureza, para disfrutar do tempo libre. ·

EDUCACIÓN VIAL:1.Sensibiliza-los alumnos e alumnas sobre accidentes e outros problemas de circulación.2. Adquirir hábitos de seguridade vial.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos de 2º ano do ciclo realizarán saídas técnico-culturais, visitando empresas do sector do moble-carpintería, exposicións empresas do sector, construcións de madeira e moble, etc. que cumprimenten a programación.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Avaliación inicial

Consulta da información dispoñible ou probas necesarias para avaliar estes campos:

#### A) Información personal

- 1º- Datos do alumno.
- 2º- Datos familiares.
- 3º- Datos académicos.
- 4º- Titulacións anteriores.
- 5º-Datos médicos e psicolóxicos.
- 6º- Experiencia profesional.
- 7º- Afeccións.
- 8º- Suxerencias.

#### B) Carencia ou non de coñecementos básicos en:

- Sistema métrico e equivalencias.
- Superficies das distintas formas xeométricas.
- Resolución de volumes.
- Operacións matemáticas básicas, porcentaxes, regra de tres e as catro regras básicas.
- Ángulos e polígonos.
- Nivel elemental en vistas, croquis, acotacións e escalas.

#### C) Problemas de;

1º- Visualización.

2º- Percepción.

3º- Lenguaxe.

4º- Lóxica.

5º- Numérica.

D) Problemas auditivos.